

Unha análise crítica da cooperación descentralizada

Susana Ruiz Seisdedos

Introdución

Neste artigo pretendemos marcar os principais retos, deficiencias e virtudes da cooperación descentralizada. Este tipo de cooperación novidosa pretende, ante todo, acabar cos problemas da cooperación bilateral e multilateral e que exista unha verdadeira relación horizontal entre veciños do Norte e do Sur.

No entanto, pasados preto dunha decena de anos dende o momento clave de explosión desta modalidade de cooperación en 1994, cremos necesario sometela a unha análise crítica dende unha posición eminentemente parcial e subxectiva, e tamén dende o interese cara á cooperación desenvolvida polos entes locais e polas Comunidades Autónomas. Pretendemos facer un percorrido, senón exhaustivo, si cando menos clarificador das súas principais debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades.

A análise DAFO permite concretar e sintetizar a avaliación dos puntos febles e fortes da política de cooperación. Este estudo faise, polo tanto, partindo do agarimo que sentimos cara a este xeito de entender e de facer realidade a cooperación, debendo entenderse a crítica como eminentemente construtiva, xa que soamente dende estas formulacións podemos seguir traballando para conseguir a nosa meta final: construír un mundo aberto ás xentes de calquera lugar, do Norte e do Sur.

1. Debilidades

A través destas liñas marcaremos os flancos máis fráxiles deste tipo de cooperación, tal e como hoxe se desenvolve no noso país. Sen máis preámbulo, pasamos a desenvolver os puntos principais desta debilidade:

Descoordinación

A miríade de actores que participan na cooperación –ONGs, universidades, sindicatos, concellos, gobernos autonómicos, asociacións de veciños, etc– son fonte da súa riqueza, pero provocan desaxustes e incoherencias de políticas e programas. Todos estes flancos febles son destacados por toda persoa que se sume á cooperación descentralizada, dende o CAD da OCDE⁽¹⁾ até o persoal investigador, funcionarios/as locais ou simples persoas interesadas no tema. É unha das maiores sombras coas que conta o

(1) A tal respecto, véxase o Exame do CAD 2002.

sistema actual de cooperación descentralizada. A descoordinación leva parello o solapamento e os microproxectos de impacto limitado, entre outras cuestións.

Máis interese pola cantidade que pola calidade

En moitas ocasións, o debate e o diálogo céntranse tanto na cooperación descentralizada como na orixinada dende o Estado central, así como na necesidade de aumentar os recursos destinados a esta política pública. Non queremos obviar a importancia desta petición, pero consideramos que un aumento simplemente cuantitativo dos recursos non ten moito sentido, e mesmo pode ser contraproducente, se non vai acompañado dunha mellora no deseño e planificación dos obxectivos perseguidos, dos recursos empregados, etc.

Unha política mal formulada supón unha política mal executada, e o aumento de recursos sen cambios supón un maior dilapido. Aprendamos dos erros pasados: a “fatiga do doador/a” non é nin máis nin menos que unha consecuencia diso. Se queremos que a cooperación descentralizada siga adiante, non deixemos levarnos polo máis visíbel –o aumento do orzamento público destinado á cooperación– e deamos un paso máis alá. O principal movemento social nesta materia, o “Movemento 0,7”, foi consciente desta mesma situación e pouco tempo despois de comezar as súas reivindicacións polo aumento do orzamento, incorporou ás súas peticións o lema “0,7 e máis”, facendo referencia a que unha eficaz política de cooperación pasa por un aumento dos recursos pero tamén pola súa mellora cualitativa.

Estratexia electoral

Ás veces, a cooperación ao desenvolvemento vese “privilexiada” polos sentimentos que esperta. Isto provoca que moitos concellos, deputacións provinciais ou comunidades autónomas, se lancen a executar unha política na que prima a imaxe e na que non hai nada debaixo: nin planificación, nin obxectivos, nin recursos humanos cualificados, etc. Por outra parte, dáse un excesivo protagonismo institucional en función do desexo de determinadas instancias gobernamentais por incrementar politicamente o seu prestixio e maximizar economicamente a súa imaxe.

Impacto limitado

Cando falamos de impacto limitado referímonos tanto ao impacto creado no Sur coma no Norte. As comunidades autónomas e os entes locais non dispoñen de moitos recursos, o que imposibilita realizar proxectos a longo prazo e provoca que estes teñan unha duración media dun ou de dous anos e fai que sexan de escasa entidade.

Xunto a isto, tamén debemos destacar o impacto limitado da cooperación descentralizada no Norte. Se queremos que a cooperación cumpra o seu obxectivo de redución da pobreza, iso soamente é posíbel cunha equiparación dos estándares de vida dos veciños/as do Norte e do Sur, o cal se logrará unicamente con xente concienciada no Norte-rico de que o seu nivel de vida non é xeneralizábel; de que é necesario preocuparse polos produtos que se consumen (comercio xusto); de que é

preciso implicarse no cambio das regras do comercio internacional; etc. A cooperación só pode seguir subsistindo e o transvase de recursos económicos do norte ao sur só pode manterse se a cidadanía se implica e é consciente da súa importancia. A pesar desta idea, amplamente estendida entre as ONGD's e recentemente posta en manifesto polo Senado, o certo é que o diñeiro destinado á sensibilización e á concienciación é escaso, aínda que no ámbito local e autonómico se lle presta unha maior atención a este sector que no ámbito estatal.

Fragmentación e volatilidade do marco institucional

A escasa planificación, a lexislación mínima sobre a materia, a falta de persoal cualificado, entre outras cuestións, impiden o desenvolvemento dunha política de cooperación minimamente seria e rigorosa. Soamente se pode institucionalizar a cooperación descentralizada cun organigrama máis detallado, cuns funcionarios/as máis capacitados e cun orzamento consolidado.

Escasa profesionalización

En moitas ocasións, a orixe desta política pública é consecuencia da boa vontade dalgún político/a, unida á dalgún funcionario/a. Con todo, a escasa profesionalización neste campo pode dar lugar a unha política mal estruturada, sen sentido, dispersa, sen obxectivos nin metas claramente definidos, que provoque a creación dunha política asistencialista e paternalista, a dependencia da poboación cara á que van dirixidos os recursos, o escaso impacto e, polo tanto, a “fatiga do doador/a”, etc. Soamente se poden evitar moitos destes males cunha profesionalización neste ámbito.

2. Ameazas

No contorno aparecen moitos puntos que poden facer que esta política sexa realmente ineficaz. Debemos, polo tanto, dedicar especial atención a estes fenómenos para intentar atallalos.

Os enfrontamentos entre os distintos niveis de goberno

A necesidade de coordinación ou os intentos de controlar e limitar as relacións de concellos e rexións co exterior poden levar a enfrontamentos, que se verán agravados se os poderes dos distintos niveis de goberno están rexidos por partidos políticos de diferente signo.

Daquela, a politización das políticas públicas de cooperación ao desenvolvemento é un mal grave que hai que evitar.

Onexeización e debilitamento de estruturas municipais

As entidades subestatais que prestan axudas computábeis como AOD xeralmente destinan ese diñeiro a proxectos consistentes en servizos sociais básicos para

as colectividades locais do Sur (preferentemente sectores de educación e saúde). Estes proxectos son xestionados nun 85% a través de ONGD's que reciben subvencións públicas. Esta tendencia permitiu entregarlles a algunhas ONGD's a realización de programas sociais clasicamente municipais, o que provocou un debilitamento das xa fráxiles estruturas dos entes locais (sobre todo no caso latinoamericano), un déficit democrático e unha privatización indirecta das políticas municipais.

A falta de análises críticas

Outro dos máis graves problemas que xorden no futuro é a escasa avaliación que se fai da cooperación descentralizada. Sen unha avaliación seria é imposible determinar se hai algo que deba cambiarse. Os estudos críticos non están moi estendidos, por mor da falta de vontade política, e as ONGD's, aínda que bastante reivindicativas, son conscientes de que non se deben roer a man que lles dá de comer. A falta de crítica construtiva soamente pode entenderse dun xeito negativo, pero a única maneira de acadar un cambio neste sentido é que no noso país se asuma, por parte dos poderes públicos, a necesidade da avaliación como algo necesario.

3. Fortalezas

Pasamos agora aos aspectos positivos, os trazos que fan que a cooperación descentralizada esperte o interese por ela e os aspectos que a diferencian do tipo de cooperación realizada até o presente.

Autonomía de cada ente

As comunidades autónomas e os entes locais son autónomos na política que desenvolven. Os obxectivos, prioridades e principios son fixados por cada ente. Posúen, polo tanto, un maior ámbito de liberdade nas súas actuacións. Partindo desta realidade, as entidades subestatais poden facer unha cooperación realmente diferente, horizontal, baseada na superación da pobreza, destinada aos sectores sociais básicos, etc.

Area política máis aberta

A cooperación descentralizada constitúese de abaixo cara a arriba e esa é a filosofía sobre a que actúan os grupos de presión (movementos sociais, ONGD's, sindicatos, partidos políticos de esquerda, igrexa, etc). Actúan sobre o nivel máis baixo, o máis achegado á cidadanía, o nivel local e rexional, para conseguir os maiores logros. Non esquezamos que a orixe da cooperación descentralizada, como política pública, é consecuencia da presión exercida polo "Movemento 0,7", entre outros factores.

Control máis eficiente, lexitimidade cidadá

Como consecuencia do anterior, a cooperación dende os entes subestatais conta cun plus de lexitimidade para desenvolveren o seu labor, pois a cidadanía ve

con bos ollos que esa política pública a aplique a instancia que mellor a coñece e que máis directamente a controla.

Experiencia histórica

A experiencia da democratización e descentralización administrativa que viviu o noso país hai pouco tempo supuxo a reivindicación, por parte das administracións autonómicas e locais, de lograr espazos cada vez máis amplos de autogoberno. Esta incipiente necesidade de demanda dos seus intereses e de ampliación das súas competencias propias permite que ninguén mellor ca elas lles traslade ás entidades municipais e rexións do Sur a súa experiencia nos procesos de consecución da democracia e de descentralización.

Coñecemento de xestión municipal

Os entes locais e as comunidades autónomas posúen indubidábeis vantaxes comparativas fronte aos outros posíbeis actores da cooperación internacional (Estado central, ONGs, universidades, sindicatos, etc). Estas vantaxes céntranse, especialmente, en seren os mellores coñecedores do ámbito municipal/ rexional e do labor que, neste espazo, se lle debe prestar á cidadanía. O ente local e autonómico do Norte convértese entón no mellor valedor das municipalidades do Sur, sendo o intercambio de experiencias un aspecto positivo tanto para uns como para outros.

Neste sentido debemos destacar o intercambio de experiencias administrativas e políticas para unha mellora na xestión dos servizos e accións de saúde, educación, servizos sociais, planificación urbana, auga, residuos sólidos e formación do persoal. Deste xeito, contribúese ao desenvolvemento de gobernos locais fortes mediante o asesoramento, a transferencia e adecuación tecnolóxica e a capacitación tanto aos propios concellos coma aos actores locais que o apoian.

Sensibilización

É a gran baza da cooperación descentralizada respecto á poboación do Norte. Dar recursos sen involucrar á cidadanía supón deixar todo a medio camiño, sen rematar o sendeiro iniciado. A cooperación “ten que ter unha repercusión, ten que ter un impacto na poboación local. Se non se comprende a cooperación local como un mecanismo de redistribución da riqueza (...) que está repercutindo para que construamos un mundo no que todos poidamos vivir un chisco mellor, se non somos quen de trasladarlle ese concepto á nosa cidade, entón a cooperación vai coxa, porque isto convértese nunha xestión empresarial”⁽²⁾.

Así, dende a cooperación descentralizada débese apostar pola concienciación e sensibilización tal e como xa se está realizando, posto que en moitos concellos existen convocatorias específicas para esta modalidade, malia que os recursos sexan escasos.

(2) Ildelfonso Cordero, presidente da Coordinadora de ONGs de Granada (2001-2003).

4. Oportunidades

As posibilidades que observamos na análise do contorno deben ser aproveitadas pola cooperación descentralizada coa finalidade de mellorar as súas virtualidades, que podemos resumir nos seguintes puntos.

Principio de subsidiariedade

Faise máis evidente e palpábel que o cidadán ou cidadá actual demanda novas actuacións do goberno que mellor poida cumprir o seu cometido, que neste caso é o goberno máis achegado e sobre o que máis pode influír, ou sexa, o autonómico e local. Neste espazo de decisión é onde mellor se poden plasmar os principios da democracia participativa. Supón, polo tanto, aproximarlle a cooperación á cidadanía, darlle a coñecer o que se fai e como se fai para que esta cidadanía se involucre na toma de decisións das políticas públicas.

Sociedade civil

En España existe unha destacada sociedade civil, unha rede de persoas moi activas que presionaron aos poderes públicos de xeito significativo. Malia ser ben certo que a participación masiva soamente se dá en momentos puntuais como o “Movemento 0,7”, como a RCADE (Rede Cidadá para a Abolición da Débeda Externa) e como o movemento “Non á Guerra” (cuxo fin primordial era evitar a participación do Estado español na guerra de Iraq de 2003), tamén resulta certo que a base social no noso país é destacada.

Maior impacto alí onde mellor pode desenvolver as súas virtualidades

Para o futuro, a cooperación descentralizada debe ser consciente das súas limitacións e das súas potencialidades. Partindo destas, debe participar alí onde mellor poida cumprir e despreparar as súas capacidades, como é na democratización e descentralización administrativa, no ámbito da xestión municipal e na sensibilización e concienciación da súa poboación.

5. A necesidade de coordinación

Pasemos agora á segunda parte do noso estudo. Unha vez destacadas as principais virtudes e defectos da cooperación entre os entes locais e as comunidades autónomas, chega o intre de prestarlle unha especial atención a unha das máis importantes taras: a descoordinación.

O principal problema da descoordinación é que adóitanse identificar, dun xeito case inconsciente, os termos descentralización e descoordinación. Isto supón, ao mesmo tempo, que se identifique a coordinación co exercicio de control por parte dalgún ente ou institución. Nós partimos de que nin a descentralización é sinónimo de descoordinación,

nin a busca da coordinación debe levarnos a reducir ou desmantelar o sistema descentralizado da nosa organización territorial. É necesaria a coordinación, pero esta debe implicar igualdade entre quen participa nela.

En primeiro lugar, debe existir unha clara vontade política dos distintos niveis de goberno para chegar a acordos e consensos así como para implantar unha cooperación que evite a duplicidade de políticas públicas e a súa ineficacia. Para iso, as canles de comunicación deben estar constantemente abertas e débese fuxir de suspicacias. O diálogo convértese en peza fundamental e débense establecer uns principios claros pactados entre todos/as.

As comunidades autónomas e os gobernos locais forman parte do Estado, e cómpre non establecer subordinacións políticas entre os distintos niveis de goberno, senón mecanismos institucionais de integración semellantes aos que se dan nos Estados federais. O único xeito para acadar a coordinación é entendela como un principio que debe rexer as relacións entre iguais, entre distintos niveis de goberno non sometidos uns a outros. Pero a realidade é ben distinta, xa que os entes subestatais non participan na formación da vontade estatal, e si o fan dun xeito informal e provisional, máis por interese de certos funcionarios e responsábeis que por interese das máximas instancias de que exista unha política de cooperación axeitada e eficaz. Polo tanto, as relacións entre niveis gobernamentais son informais e a maioría delas non teñen un funcionamento real.

Este aspecto resulta interesante na medida en que aínda non se desenvolveu plenamente a creación de instancias multiniveis nos procesos de toma de decisións políticas ou de posta en común de accións intergubernamentais aos tres niveis. É necesaria unha Comisión Interterritorial que cumpra realmente a súa función de órgano á busca do consenso, ou ben un Consello de Cooperación cuxos informes se teñan en conta.

O problema é que as canles creadas para este fin aínda non despregaron todas as súas capacidades. Como resultado deste escaso clima de diálogo nas institucións con este fin, téñense celebrado reunións de distintos organismos como o Fondo Andaluz de Concellos pola Solidariedade Internacional, a Federación Española de Concellos e Provincias ou a Oficina de Planificación e Avaliación, co obxectivo de intentar acadar acordos e pactos na busca dunha maior coordinación entre todos os axentes do noso país implicados na cooperación ao desenvolvemento.

No entanto, esta falta de diálogo ou consenso non aparece unicamente no noso ámbito de estudo, senón que podemos dicir que é un dos riscos do sistema político español, no que se dá unha especial conflitividade intergubernamental, sobre todo nos casos no que os distintos niveis de goberno teñan adscricións partidistas/ideolóxicas diversas⁽³⁾. Esta conflitividade nas relacións intergubernamentais foi obxecto de crítica, pero a única solución proposta avoga pola centralización. Para

(3) Neste mesmo sentido, GYFORD, J.: *Parties and Politics in central-local government relations*, en GOLDSMITH, Michael: *New research in central-local relations*, Gower, 1996.

nós isto non é realmente unha solución, senón un novo problema, xa que supón o enfrontamento cos poderes descentralizados e, ao mesmo tempo, lesiona o principio de descentralización da nosa norma fundamental, o principio de subsidiariedade, etc. E aínda máis, cando dende o poder central a centralización é sinónimo de control e relacións verticais xerarquizadas, tal e como xa temos sinalado anteriormente.

O inconveniente vén provocado porque na cultura política española non se interiorizou a coexistencia de instancias políticas rexidas por distintos partidos políticos, o que se traduce nas negativas de colaboración entre administracións, debido á confusión entre ideoloxías e políticas públicas. As relacións intergubernamentais son as que dan lugar á creación e execución de políticas públicas concertadas. Un dos principais temas de polémica en todos os Estados federais, entre os cales podemos incluír o Estado das autonomías español⁽⁴⁾, é a tensión entre a participación, a achega e a dirección dos gobernos federais na implantación de políticas intergubernamentais. A insuficiencia do debate multilateral é claramente negativa, xa que nos procesos de toma de decisións e de formación das grandes decisións estatais, a tentación pola imposición dos puntos de vista do Estado central adoita acabar en desencontro.

6. A xeito de conclusión

Con este estudo quixemos achegar os nosos coñecementos a un ámbito –o de a cooperación ao desenvolvemento dende os entes descentralizados– ao que nos sentimos unidos e unidas dende hai moitos anos e ao que pertencemos e queremos, sendo conscientes de que, con carácter xeral, a problemática principal con que nos atopamos no noso país é que non se desenvolveron factores como o consenso político, a cooperación intergubernamental e as prácticas consociacionais.

A razón disto é que, en primeiro lugar, os mecanismos institucionais de encontro móstranse actualmente inadecuados. Para tomar varios exemplos, as conferencias sectoriais evidencian claramente a disciplina á que cada partido somete aos seus representantes nos órganos de goberno dos entes que nelas estean representados; os conselleiros/as van defender máis a doutrina das súas siglas que os intereses da súa comunidade; e o Senado non se mostra como unha verdadeira cámara de representación territorial, a pesar das ideas na busca dun cambio neste sentido⁽⁵⁾.

En segundo lugar, prodúcese unha xudicialización das relacións de goberno e unha confidencialidade das prácticas bilaterais. Todo isto fai que as relacións inter-

(4) Aínda que somos conscientes de que o Estado autonómico é un Estado unitario, partimos de que as prácticas executadas son máis próximas ao federalismo. Para máis información sobre a estrutura territorial do Estado español e a súa “case-federalización”, véxase MORENO FERNÁNDEZ, Luis: *La federalización de España. Poder político y territorio*, Ed. Siglo XXI, Madrid, 1997.

(5) Discurso de José Luís Rodríguez Zapatero, presidente do Goberno, diante do pleno do Senado, o día 11 de maio de 2004.

gubernamentais soamente existan no caso de que os gobernos cooperantes sexan da mesma adscrición ideolóxica. Neste sentido, podemos citar como exemplo a cooperación entre o Goberno autonómico Valenciano, o Goberno autonómico murciano e o Goberno local de Almería na defensa do Plan Hidrolóxico Nacional.

En consonancia co exposto anteriormente, aínda non se interiorizaron os principios de fidelidade institucional, especialmente nos casos en que os distintos niveis de goberno teñen adscricións partidistas/ideolóxicas diversas. Aínda que a nosa Carta Magna interiorizara, dun xeito implícito, este principio (en gran parte influído pola Lei Fundamental de Bonn) aínda falta moito para chegarmos ao nivel de cooperación do sistema alemán, por poñer un exemplo, onde hai un respecto mutuo entre o goberno da República Federal e os gobernos federais (goberno dos *Länders*), levando a máximo nivel o principio de lealdade institucional.

Nós avogamos por que cada ente se centre no ámbito no que mellor poida desenvolver as súas virtualidades: a universidade no ámbito da formación, capacitación e investigación; os concellos na cooperación directa de municipio a municipio ou no fortalecemento municipal; as deputacións no asesoramento técnico ou coordinación intermunicipal; etc. Isto non é o que actualmente ocorre, xa que na maioría dos casos estas institucións non pasan de ser simples órganos financeiros que deixan a execución material das políticas ás ONGD's.

Chegados a este punto soamente podemos engadir que a nosa intención era contribuír dalgún xeito a destacar as virtualidades, as orixinalidades e os desafíos cos que se enfrenta esta nova maneira de cooperación para superar o reto de salvar do subdesenvolvemento a máis das tres cuartas partes da poboación do noso planeta. Queda que a clase política, os empregados/as públicos, os e as cooperantes e todas aquelas persoas que dalgún xeito poidan modificar en algo esta política, se sintan atraídos para que a partir desta e doutras análises se poñan mans á obra e consigan o fin fundamental de facer que outro mundo sexa posíbel.

Susana Ruiz Seisdedos é profesora axudante da Área de Ciencia Política e da Administración, Departamento de Dereito Público e Privado Especial, Facultade de Ciencias Sociais e Xurídicas, Universidade de Jaén. Coautora do libro "La cooperación al desarrollo: un reto para los entes descentralizados", Ed. UIM, Granada, 2004.

Bibliografía

- ALONSO, Juan Antonio e OUTROS: *Estrategia para la Cooperación Española*, Ministerio de Asuntos Exteriores, Secretaría de Estado para la Cooperación Internacional y para Iberoamérica, Madrid, 1999.
- AAVV: *Construyendo Democracia y Poder Local. Seminario-Taller sobre Experiencias y Perspectivas de la Gestión local y democrática en Centroamérica, El Caribe y México*, colección Cooperación Municipal al Desarrollo, nº 1, Confederación de Fondos de Cooperación y Solidaridad, Antigua (Guatemala), 14-18 de xullo de 1998.
- AAVV: *Inventario-Evaluación de la Cooperación Internacional de Entidades Locales en Andalucía*, Fondo Andaluz de Municipios por la Solidaridad Internacional, Córdoba, 2003.
- AAVV: *La Cooperación Descentralizada de los Entes Locales. Informe 1998-1999*, FEMP, Madrid, 1999.
- AAVV: *La cooperación Descentralizada para el Desarrollo Humano. La contribución española a un debate internacional*, AIETI e ICEI, Madrid, 2000.
- AAVV: *Municipalismo y Solidaridad: Guía sobre la cooperación descentralizada*, colección Cooperación Municipal al Desarrollo, nº 5, CONFOCOS, Barcelona, 2001.
- AAVV: *1ª Jornada estatal de cooperación descentralizada*, colección Temas de Cooperación, nº 8, Coordinadora de ONG, Getafe (Madrid), 14 e 15 de xuño de 1996.
- AAVV: *2ª Jornada estatal de cooperación descentralizada*, colección Cooperación Municipal al Desarrollo, nº 4, Confederación de Fondos de Cooperación y Solidaridad, Alcorcón (Madrid), 15 e 16 de xuño de 2000.
- CAMPS, Nuria e MARTÍ, Salvador: *Las redes de solidaridad y las políticas locales de cooperación al desarrollo*, en BLANCO, Ismael e GOMÁ, Ricard (coords): *Gobiernos Locales y redes participativas*, Ariel, Barcelona, 2001.
- FANJUL, Gonzalo: *La realidad de la ayuda 2000/2001. Una evaluación independiente de la ayuda al desarrollo española e internacional*, Intermón, Barcelona, 1998 e 1999.
- FISAS ARMENGOL, Vicent: *Los municipios y la paz: los hermanamientos y otras iniciativas locales a favor de la paz*, CIDOB, Barcelona, 1988.
- FRERES, Christian e SANZ, Antonio: *Las Comunidades Autónomas y la política exterior de España*, AIETI, Madrid, 2002.
- GÓMEZ GALÁN, Manuel e SANAHUJA, Juan Antonio: *El sistema internacional de cooperación al desarrollo. Una aproximación a sus actores e instrumentos*, CIDEAL, Madrid, 1999.
- GONZÁLEZ-BADIA FRAGA, Juan e RUIZ SEISDEDOS, Susana: *La cooperación al desarrollo: un reto para los entes descentralizados*, UIM, Granada, 2003.
- GONZÁLEZ PARADA, José Ramón e OUTROS: *Poder local y solidaridad inter-*

- nacional. Bases de la cooperación al desarrollo desde las corporaciones locales*, Federación Española de Municipios y Provincias, Madrid, 1993.
- GONZÁLEZ PARADA, José Ramón e OUTROS: *Cooperación descentralizada, ¿un nuevo modelo de relaciones Norte-Sur?*, Instituto Universitario de Desarrollo y Cooperación-UCM, Los libros de la Catarata, T&D Consultores, Madrid, 1998.
- GYFORD, John: *Parties and Politics in central-local government relations*, en GOLDSMITH, Michael: *New research in central-local relations*, Gower, 1986.
- Informe del CAD sobre Cooperación para el Desarrollo, 1998, 1999, 2000, 2001 e 2002.
- Ley 23/1998 de Cooperación Internacional para el Desarrollo.
- MARTÍNEZ-GONZÁLEZ TABLAS, Ángel e OUTROS: *Visión global de la cooperación para el desarrollo. La experiencia internacional y el caso español*, Editorial Icaria, Barcelona, 1995.
- MORENO FERNÁNDEZ, Luís: *La federalización de España. Poder político y territorio*, Ed Siglo XXI, Madrid, 1997.
- NIETO PEREIRA, Luís: *Cooperación para el desarrollo y ONG: una visión crítica*, Instituto Universitario de Desarrollo y Cooperación de la UCM, Madrid, 2001.
- PIQUERAS CANDELA, Abel: *Reflexiones y propuestas para la cooperación descentralizada española*, Revista Española de Desarrollo y Cooperación, nº 6, primavera/verano 2000, pp159-183.
- Plan Anual de Cooperación Internacional (seguimiento), 1998, 1999, 2000, 2001 e 2002.
- Plan Director de la Cooperación Española (1999-2002), Ministerio de Asuntos Exteriores, 1999.
- Real Decreto: 21/2000, 22/2000, 23/2000, 24/2000 e 28/2000.
- RUIZ SEISDEDOS, Susana: *La política de cooperación al desarrollo de la Junta de Andalucía*, en AAVV: *El sistema de gobierno de la Comunidad Autónoma de Andalucía*, Parlamento Andaluz y Comares, Granada, 2003.